



**CMUS**  
PROFESIONAL  
DA CORUÑA

24, 25 e 26 de marzo de 2023

# Curso de Vento Metal

# 2023

Jordi Ortega López, trompa

Óscar Vázquez Valiño, trombón

Manuel Fernández Álvarez, trompeta

Isaac Rodríguez Cotrofe, tuba

Organiza:

DEPARTAMENTO DE VENTO METAL



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL  
DE MÚSICA DA CORUÑA

Colabora:

ANPAMiFaSol



# Condicións de admisión

**1.** A inscrición do Curso de Vento Metal 2023 farase no correo electrónico: [cursoventometal2023@gmail.com](mailto:cursoventometal2023@gmail.com), indicando nome e apelidos do alumno/a, instrumento e curso, e modalidade na que participa, adxuntando á súa vez xustificante de ingreso da cuota de inscrición.

**2.** O ingreso farase exclusivamente mediante transferencia bancaria na conta da anpa: ARQUIA caja de arquitectos IBAN ES89 3183 1500 92 1003708425

Titular: ANPA MIFASOL CMUS Profesional A Coruña

Concepto:

"Curso VM23"- Nome e apelidos alumno/a (modalidade).

**3.** O curso constará de 20 horas e entregárase un diploma acreditativo polo Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

**4.** As datas do curso serán do 24 ó 26 de marzo e o horario do curso será o seguinte:

- venres 24 de 10 a 14 horas e de 17 a 21.

- sábado 25 de 10 a 14 horas e de 16:30 a 20:30

- domingo 26 de 9 a 13 horas.

**5.** O alumnado presentárase no Conservatorio Profesional de Música da Coruña ás 9:30 horas do primeiro día.

**6.** Admitirase un máximo de 12 participantes activos por instrumento, e dita admisión farase por rigurosa orde de inscrición.

**7.** O prazo de inscrición remata o 20 de marzo de 2023.

**8.** A organización resérvase o dereito ós cambios que por forza maior se deban adoptar, así como a cancelación do curso, devolvéndose neste suposto o importe íntegro da matrícula.

**9.** O importe da matrícula queda do seguinte xeito para as diferentes modalidades de participación do alumnado:

- Activo de grao profesional (socio ANPA MIFASOL): 51€

- Activo de grao profesional e superior: 60€

- Activo de grao elemental (socio ANPA MIFASOL): 25,5€

- Activo de grao elemental: 30€

- Ouvinte (socio ANPA MIFASOL): GRATIS

- Ouvinte: 20€

## Jordi Ortega López.

Comeza os seus estudos musicais na Sociedad Unión Musical de Benimodo (Valencia), no seu pobo natal, sendo o seu profesor Juan A. Boronat. Cursa os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música "Joaquín Rodrigo" de Valencia e posteriormente amplía a súa formación en Alemaña co profesor Eric Terwilliger (Trompa Solista da Orquesta Sinfónica da Radio de Baviera). Comeza a súa labor profesional coincidindo coa creación da "Real Filharmonía de Galicia" primeiramente como Trompa Coprincipal e posteriormente como Trompa Principal, posto que desempeña actualmente. No ano 2006 interpreta xunto coa Real Filharmonía de Galicia e coa dirección de Maximino Zumalave o Concerto "Mondariz" para trompa e orquesta de Juan Durán. No ano 2016 interpreta o Concerto para trompa e orquesta No. 3 de W. A. Mozart coa dirección de Christoph König. A súa labor pedagóxica desenrólase principalmente na "Escola de Altos Estudos Musicais" de Galicia e participa tamén asiduamente en cursos de especialización de trompa i en encontros musicais de orquestras. É membro fundador do grupo "Filhartrompía Quartet" co que grabou o disco titulado "All4horn". Actualmente é artista Stomvi e toca coa trompa Stomvi Modelo TITAN 6.

## Manuel Fernández Álvarez

Manuel Fernández Álvarez naceu en xullo de 1995 na localidade pontevedresa do Rosal, onde comezou os seus estudos musicais aos 7 anos na Agrupación Musical do Rosal co mestre José Vicente Simeó Máñez. Realizou os seus estudos profesionais no Conservatorio Profesional de Música de Vigo, obtendo as máximas cualificacións e o Premio Fin de Grao. Posteriormente, realizou os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Castela e León co mestre Roberto Bodí, obtendo Matrícula de Honor coma calificación Final. En 2018 trasladouse á cidade de Essen (Alemaña) para facer un máster en interpretación na Folkwang Universität der Kunst coa profesora Laura Vukobratovich;

e en 2019 obtivo unha praza académica na Hr-sinfonieorchester de Frankfurt.

Desde moi novo asistiu a cursos de perfeccionamento con profesores de recoñecido prestixio como Esteban Batallán, Mark Ridenour, Allen Vizzutti, Ole Edvard Antonsen, Sergio Novella, John Aigi, Javier Simó, Kristian Steenstrup, entre outros. A súa experiencia orquestral comezou en 2011, cando conseguiu unha praza na Orquesta Joven da Sinfónica de Galicia; trompeta solista da Holencourt Soloists Chamber Orchestra de Bruxelas en 2013; primeira trompeta da Joven Orquesta Nacional de España nas convocatorias de 2014 e 2018; Orquesta Juvenil de la Comunidad de Madrid en 2015. Ademais, durante eses anos colaborou en diferentes ocasións coa Orquesta Sinfónica de Castela e León, a Orquesta da Comunidade de Madrid, a Orquesta Sinfónica das Illas Baleares, a Orquesta da Radio Televisión Española e Orquesta Dortmunder Philharmoniker. En 2019 obtén o posto de trompeta solista na Sun Symphony Orchestra (Vietnam) e, posteriormente, en agosto de 2021 obtén o posto de trompeta solista na Antwerp Symphony Orchestra (Bélxica). Desde xuño de 2022 é trompeta solista da Orquesta Sinfónica de Galicia.

## Óscar Vázquez Valiño

Natural de Caldas de Reis. Nado o 18 de outubro do 2000. Comeza a estudar Trombón Bajo á idade de 6 anos co mestre Daniel Portas con quen sigue perfeccionándose na actualidade. Acabou os seus estudos superiores en Musikex, Plasencia, en 2021; na especialidade de trombón baixo co profesor Francisco Guillén. Traballou con numerosas orquestras coma Orquesta Sinfónica de Navarra, Orquesta de Extremadura, Real Filarmonía de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, na que gañou a praza como trombón baixo solista en 2021. Foi trombón baixo na OJSG (Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia), EUYO (European Union Youth Orchestra), GMJ (Gustav Mahler Jugendorchester), SHMF (Schleswig - Holstein Musik Festival), JONDE (Joven Orquesta Nacional de España), OJEX (Orquesta Joven de Extremadura), Orquesta Vigo Xove 430. Realizou cursos de perfeccionamiento cos seguintes profesores: Daniel Portas, Faustino Nuñez, Alberto Urretxo, Unai Urretxo, Petur Eriksson, Iago Ríos, Jon Ederbeek, Esteban Méndez, Charles Vernon, Brandt Athema, Christian Jones, Santiago Blanco, Martin Schippers y Byron Fulcher. Obtivo o premio Fin de Grado profesional, foi gañador do "I Concurso Interpretación de Jóvenes músicos" coa Banda Municipal de Coruña,

Finalista en "Son Futuras Promesas de la OJSG" (2015), gañador do "IV Concurso de Jóvenes Intérpretes" en Catoira (2014), gañador no concurso "Jóvenes Intérpretes José Varcárcel" (2012), gañador do concurso de solistas "Ao son da mocidade" da Banda de música de Pontevedra (2017), gañador do concurso de solistas Brass Band Galicia (2018), Finalista en "Hungarian Trombone Competition" (2020) e gañador da praza de trombón baixo solista na Orquesta Sinfónica de Galicia (2021).

## Isaac Rodríguez Cotrofe

Nacido na Coruña, realiza os seus estudos de grao elemental e Grao Profesional no conservatorio Profesional de Música da Coruña, onde finaliza obtendo Matrícula de Honra e o Premio Extraordinario Fin de Grao, baixo a tutela de Raúl Galán Cerveró. Trasládase a Oviedo, onde comeza o Grao Superior con Alfonso Mollá Castejells. Durante este tempo, convértese en membro da Orquesta Nova da Unión Europea (EUYO), a orquesta do festival Schelswig Holstein e a Orquesta Nova da Sinfónica de Galicia, ademais de colaborar de maneira habitual coa Orquesta Sinfónica de Navarra. Unha vez finalizados os estudos de Grao Superior, realiza o Máster no Conservatorio de Amsterdam con Perry Hoogendijk, tuba solista da Royal Concertgebouw Orchestra. Durante este tempo comeza a desenvolver unha actividade profesional constante como freelance con algunhas das orquestras máis relevantes de Holanda, España e Bélxica nas cales colaborou con directores como Klaus Makkela, Semion Bychkov, Herbert Blomstedt ou Danielle Gatti. Durante todo este tempo complementa os seus estudos con masterclasses con músicos de renome como Mel Culbertson, Roger Bobo, Rex Martin, Roland Szentpali ou Jens Bjorn Larsen, entre outros. En 2021 alcanza a semifinal do concurso de tuba Leoš Janáček International Competition in Brno. Na actualidade compaxina o labor de Manager de Producción na fábrica de ADAMS Brass e Docente na Escola de Música de Eijsden, na provincia de Limburg con colaboracións regulares con orquestras profesionais como a Concertgebouw Orkest, Róterdam Philharmonic Orchestra, Netherlands Philharmonic Orchestra, Antwerp Symphonic Orchestra, Residentie Orkest, Philharmonie Zuidnederland, Philharmonie Noord Nederland, Opera Royal de Lieja ou Philharmonisches Orchester Hagen.